

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

12898 *Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.*

I

A Organización Mundial da Saúde elevou, o pasado 11 de marzo de 2020, a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19 a pandemia internacional.

Para facer fronte daquela á crise sanitaria no noso país, foi preciso adoptar medidas inmediatas que resultaron eficaces para poder controlar a propagación da enfermidade. Neste sentido, o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, permitiu facer fronte á situación de emerxencia sanitaria e protexer a saúde e a seguridade dos cidadáns.

Tras o proceso de desescalada e a fin da vixencia do estado de alarma, o país entrou nunha etapa de nova normalidade, durante a cal os poderes públicos e as autoridades sanitarias continuaron tomando medidas dirixidas a controlar os gromos e frear os contaxios. Entre elas, o Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o Plan de resposta temperá nun escenario de control da pandemia, as declaracións de actuacións coordinadas en saúde pública acordadas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde ou as diferentes disposicións e actos adoptados polas autoridades competentes das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía. Este conxunto de medidas, dirixido a previr situacións de risco, intensificar as capacidades de seguimento e vixilancia da epidemia e reforzar os servizos asistenciais e de saúde pública, permitiu ata agora ofrecer respostas apropiadas e proporcionais en función das distintas etapas de evolución da vaga epidémica en cada territorio.

II

Non obstante, no momento actual en España, ao igual que na maioría de países europeos, rexístrase unha tendencia ascendente no número de casos. Este incremento traducíuse nun aumento importante da incidencia acumulada en catorce días, ata situarse, con data do 22 de outubro, en 349 casos por 100.000 habitantes, moi por riba dos 60 casos por 100.000 habitantes que marca o limiar de alto risco de acordo cos criterios do Centro Europeo para a Prevención e Control de Enfermidades.

As actuais incidencias sitúan todo o territorio, salvo as illas Canarias, nun nivel de risco alto ou moi alto de acordo cos estándares internacionais e cos nacionais establecidos no documento de Actuacións de resposta coordinada para o control da transmisión de COVID-19, aprobado no Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde o pasado día 22 de outubro de 2020.

Este incremento da transmisión está afectando grupos de poboación de risco, que presentan unha maior probabilidade de hospitalización e falecemento. Na actualidade, a ocupación media en España de camas de hospitalización por COVID-19 supera xa o 12 %, con máximos por riba do 20 % nalgunhas comunidades autónomas. A ocupación media de camas de unidades de coidados intensivos é do 22,48 %, superando nalgún caso o 60 %. Esta situación volve provocar tensión no noso sistema sanitario, polo que require a adopción urxente de medidas de control que eviten calquera impacto negativo desta situación sobre a atención sanitaria a outras patoloxías diferentes do COVID-19, previndo desde un primeiro momento calquera risco de potencial colapso do sistema asistencial.

Neste contexto, con niveis moi preocupantes dos principais indicadores epidemiolóxicos e asistenciais, débense considerar diferentes medidas de control da transmisión que permitan reducir as incidencias actuais, revertir a tendencia ascendente e evitar acadar o nivel de sobrecarga que experimentou o sistema sanitario durante a primeira vaga da pandemia.

En ausencia dunha vacina para o COVID-19, débense tomar medidas de saúde pública de carácter non farmacolóxico, propostas por organismos internacionais, que teñen o propósito de reducir a taxa de contaxio na poboación e, polo tanto, reducir a transmisión do virus. A efectividade de calquera intervención illada pode ser limitada e require a combinación de varias intervencións para ter un impacto significativo na transmisión.

Entre as intervencións non farmacolóxicas establecidas polos organismos internacionais, destacan algunhas medidas dirixidas a evitar a agrupación de persoas sen relación de convivencia e manter o distanciamento entre elas, así como reducir a mobilidade das poboacións, xa que esta favorece de forma importante a circulación do virus SARS-CoV-2 entre os distintos territorios.

Existe evidencia de que o contacto social, en espazos tanto abertos como pechados en que non se gardan as debidas medidas de distanciamento e prevención, comporta un alto risco de transmisión do virus. Neste sentido, a experiencia de meses anteriores confirma como a adopción de medidas restritivas en certos establecementos e actividades ten un impacto directo na redución drástica dos gromos epidémicos e dos casos asociados vinculados a tales contextos.

No entanto, respecto aos principais focos de contaxio actual, o estudo dos gromos notificados polas comunidades autónomas revela que son os encontros familiares e sociais, ben no ámbito privado ben público, o principal escenario en que se producen agrupacións de casos, o que supón case un terzo dos gromos e implica máis dunha cuarta parte dos casos.

Nesta liña, a limitación do tamaño dos grupos en lugares públicos e privados e a redución de contactos entre persoas non conviventes forman parte do conxunto de medidas sociais e de saúde pública da estratexia integral da Organización Mundial da Saúde para contribuír a deter as cadeas de transmisión de persoa a persoa e o control de gromos. Estas propostas son tamén recollidas por outras axencias internacionais de saúde pública de referencia, como o Centro Europeo para a Prevención e Control de Enfermidades (ECDC, nas súas siglas en inglés). Neste sentido, considéranse eficaces e apropiadas medidas como a limitación do número de persoas non conviventes, a relación en burbullas sociais estruturadas en grupos de convivencia estable e a permanencia no domicilio, evitando desprazamentos que non se consideren imprescindibles. A limitación do número máximo de persoas nun mesmo espazo foi aplicada en varias comunidades autónomas e en distintos países da nosa contorna con resultados positivos desde o punto de vista epidemiolóxico.

Diferentes estudos, como os levados cabo polo ECDC, puxeron de manifesto que a aceptación e o cumprimento das medidas preventivas varía entre países, entre rexións dun mesmo país, entre diferentes grupos de poboación dun mesmo contorno e mesmo entre as diferentes vivencias sociais das persoas, e unha delas é a actividade nocturna, onde se observou un relaxamento importante no cumprimento das medidas estipuladas para evitar a transmisión do SARS-CoV-2.

Neste sentido, boa parte dos encontros de risco prodúcense en horario nocturno, de acordo coa información facilitada polas comunidades autónomas, o que reduce substancialmente a eficacia doutras medidas de control implementadas. Por ese motivo, a restrición da mobilidade nocturna considérase unha medida proporcionada cun potencial impacto positivo no control da transmisión, ao evitarse situacións de contacto de risco vinculadas a encontros sociais.

Os indicadores epidemiolóxicos actuais sitúan case todo o territorio nacional nun nivel de risco alto ou moi alto de acordo cos estándares nacionais e internacionais, salvo a Comunidade Autónoma de Canarias. Esta comunidade presenta unha evolución favorable da epidemia con indicadores epidemiolóxicos que a sitúan en niveis de risco medio, moi

por debaixo do resto do territorio nacional. Por iso, as medidas dirixidas á restrición da mobilidade nocturna non serían neste momento necesarias para manter o control da epidemia no dito territorio, sempre e cando se garanta o mantemento das medidas de control da transmisión vixentes actualmente, e sen prexuízo de que se poidan adoptar posteriormente en caso de evolución desfavorable, o cal non é en absoluto descartable durante o período de vixencia deste real decreto, dada a inestabilidade do comportamento da epidemia, tanto a nivel nacional como internacional.

Así mesmo, observouse que os movementos de persoas, desde unidades territoriais de alta incidencia a outras de menor incidencia, supoñen un risco moi elevado de difusión xeográfica da transmisión do SARS-CoV-2. Esta incidencia observada, ademais de non ser homoxénea entre as comunidades autónomas, tampouco o é dentro do territorio de cada unha delas. Nesta liña, durante os últimos meses articuláronse medidas de restrición da mobilidade en determinados ámbitos territoriais, que no seu momento se asociaron a unha mellora dos indicadores de control da transmisión na súa zona de aplicación. Medidas similares observáronse útiles noutras fases da epidemia.

III

Neste marco, as medidas previstas na presente norma encádranse na acción decidida do Goberno para protexer a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar os sistemas sanitarios e sociosanitarios.

As medidas temporais de carácter extraordinario que xa adoptaron todos os niveis de goberno deben agora intensificarse sen demora á vista da evolución da epidemia para previr e conter os contaxios e mitigar o impacto sanitario, social e económico. Por iso, cómpre ofrecer unha resposta inmediata, axustada e proporcional, nun marco de cogobernanza que permita afrontar a gravidade da situación coas máximas garantías constitucionais durante un período que necesariamente deberá ser superior ao prazo de quince días establecido para a vixencia deste real decreto, polo que resultará imprescindible prorrogar esta norma por un período estimado de seis meses. O real decreto establece, para estes supostos de prórroga, que o ministro de Sanidade comparecerá quincenalmente ante a Comisión de Sanidade e Consumo do Congreso dos Deputados para dar conta da aplicación das medidas; información que nos seus ámbitos territoriais respectivos deberían proporcionar as autoridades competentes delegadas ás correspondentes asembleas autonómicas, nos termos e nas condicións que estas teñan determinados.

En todo caso, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesta norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, conforme a lexislación sanitaria; en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

Non obstante, nunha situación epidemiolóxica como a actual, resulta imprescindible combinar as medidas previstas na lexislación sanitaria con outras do ámbito do dereito de excepción, tal e como recollen os artigos 116.2 da Constitución española e cuarto e seguintes da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio.

Débesse sinalar que a alínea b) do artigo cuarto da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, habilita o Goberno para, no exercicio das facultades que lle atribúe o artigo 116.2 da Constitución, declarar o estado de alarma en todo ou en parte do territorio nacional cando se produzan crises sanitarias, tales como epidemias, o cal concorre nesta situación.

Así mesmo, o artigo 11 de Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, na súa alínea a), prevé a posibilidade de que o decreto de declaración do estado de alarma acorde a limitación da circulación ou permanencia de persoas ou vehículos en horas e lugares determinados, así como o seu condicionamento ao cumprimento de certos requisitos. Ademais, a alínea b) prevé a posibilidade de establecer prestacións persoais obrigatorias.

Por iso, este real decreto recolle medidas de diversa natureza para facer fronte á expansión do virus. A súa utilidade ao respecto quedou acreditada durante estes últimos meses, tal e como reflicte, ademais, que os países da nosa contorna recorran a elas de maneira sistemática, de conformidade co sinalado pola Organización Mundial da Saúde e outros organismos internacionais.

En primeiro lugar, establécese, con excepcións, a limitación da libre circulación das persoas en horario nocturno, co fin de evitar ao máximo a expansión da infección durante ese período de tempo, dado que nesa franxa horaria se produciron moitos dos contaxios nestas últimas semanas, tal e como quedou exposto con anterioridade.

Así mesmo, establécese a posibilidade de limitar a entrada e saída dos territorios das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, así como de ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferior, con certas excepcións, co propósito de reducir substancialmente a mobilidade do virus.

Así mesmo, establécese a posibilidade de limitar a permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados. Así, perséguese a redución da mobilidade social de maneira significativa e, polo tanto, preténdese deter a expansión da epidemia.

Tanto as limitacións á permanencia de grupos de persoas como as referidas á entrada e saída de territorios serán eficaces no territorio de cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía cando a autoridade competente delegada respectiva o determine, a cal tamén poderá modular, flexibilizar e suspender a aplicación destas medidas.

Finalmente, prevese a posibilidade de que as comunidades autónomas poidan impoñer a realización de prestacións persoais obrigatorias no ámbito dos seus sistemas sanitarios e sociosanitarios, sempre que isto resulte imprescindible para responder á situación de emerxencia sanitaria.

Para facer fronte a esta situación, grave e excepcional, é indispensable declarar o estado de alarma. As medidas que se conteñen neste real decreto son as imprescindibles para facer fronte á situación, resultan proporcionadas á súa extrema gravidade e non supoñen a suspensión de ningún dereito fundamental, tal e como prevé o artigo 55 da Constitución.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, e do ministro de Sanidade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de outubro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Declaración do estado de alarma.*

Ao abeiro do disposto no artigo cuarto, alínea b), da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, declárase o estado de alarma co fin de conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Artigo 2. *Autoridade competente.*

1. Para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación.

2. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos neste real decreto.

3. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11. Para iso, non será precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 3. *Ámbito territorial.*

A declaración de estado de alarma afecta todo o territorio nacional.

Artigo 4. *Duración.*

O estado de alarma declarado mediante este real decreto finalizará ás 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020, sen prexuízo das prórrogas que se poidan establecer.

Artigo 5. *Limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno.*

1. Durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas, as persoas unicamente poderán circular polas vías ou espazos de uso público para realizar as seguintes actividades:

- a) Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios e outros bens de primeira necesidade.
- b) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- c) Asistencia a centros de atención veterinaria por motivos de urxencia.
- d) Cumprimento de obrigacións laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
- e) Retorno ao lugar de residencia habitual tras realizar algunhas das actividades previstas neste punto.
- f) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- h) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.
- i) Reposición de carburante en gasoleiras ou estacións de servizo, cando resulte necesario para a realización das actividades previstas nos parágrafos anteriores.

2. A autoridade competente delegada correspondente poderá determinar, no seu ámbito territorial, que a hora de comezo da limitación prevista neste artigo sexa entre as 22.00 e as 00.00 horas e a hora de finalización da dita limitación sexa entre as 5.00 e as 7.00 horas.

Artigo 6. *Limitación da entrada e saída nas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.*

1. Restrínxense a entrada e a saída de persoas do territorio de cada comunidade autónoma e de cada cidade con estatuto de autonomía salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan por algún dos seguintes motivos:

- a) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- b) Cumprimento de obrigacións laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
- c) Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.
- d) Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.
- e) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- f) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de reposición de carburante en territorios limítrofes.
- g) Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.
- h) Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.
- i) Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.
- j) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- k) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, a autoridade competente delegada que corresponda poderá, adicionalmente, limitar a entrada e saída de persoas en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferior á comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, coas excepcións previstas no punto anterior.

3. Non estará sometida a ningunha restrición a circulación en tránsito a través dos ámbitos territoriais en que resulten de aplicación as limitacións previstas neste artigo.

Artigo 7. *Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados.*

1. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes.

No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo a que se refire o parágrafo anterior será de seis persoas.

2. A autoridade competente delegada correspondente poderá determinar, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo a que se refire o punto anterior sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes.

Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 10, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto a persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación prevista neste artigo.

3. As reunións en lugares de tránsito público e as manifestacións realizadas en exercicio do dereito fundamental regulado no artigo 21 da Constitución poderanse limitar, condicionar ou prohibir cando na comunicación previa presentada polos promotores non quede garantida a distancia persoal necesaria para impedir os contaxios.

4. Non estarán incluídas na limitación prevista neste artigo as actividades laborais e institucionais nin aquelas para as cales se establezan medidas específicas na normativa aplicable.

Artigo 8. *Limitación á permanencia de persoas en lugares de culto.*

Limítase a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación, por parte da autoridade competente delegada correspondente, da capacidade para as reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisión que poida resultar dos encontros colectivos. A dita limitación non poderá afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

Artigo 9. *Eficacia das limitacións.*

1. As medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8 serán eficaces no territorio de cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía cando a autoridade competente delegada respectiva o determine, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13. A eficacia da medida non poderá ser inferior a sete días naturais.

A medida prevista no artigo 6 non afecta o réxime de fronteiras. Sen prexuízo do anterior, no caso de que a dita medida afecte un territorio con fronteira terrestre cun terceiro Estado, a autoridade competente delegada comunicarállelo con carácter previo ao Ministerio do Interior e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

2. A medida prevista no artigo 5 será eficaz en todo o territorio nacional no momento da entrada en vigor deste real decreto, sen prexuízo do previsto no seguinte parágrafo.

No territorio da Comunidade Autónoma de Canarias, a medida prevista no artigo 5 será eficaz cando a autoridade competente delegada neste territorio o determine, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13. A eficacia da medida non poderá ser inferior a sete días naturais.

Artigo 10. *Flexibilización e suspensión das limitacións.*

A autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía poderá, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine. A regresión das medidas ata as previstas nos mencionados artigos farase, de ser o caso, seguindo o mesmo procedemento.

Artigo 11. *Prestacións persoais.*

De conformidade co disposto no alínea b) do artigo 11 da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, as autoridades competentes delegadas poderán impoñer, no seu ámbito territorial, a realización das prestacións persoais obrigatorias que resulten imprescindibles, no ámbito dos seus sistemas sanitarios e sociosanitarios, para responder á situación de emerxencia sanitaria que motiva a aprobación deste real decreto.

Artigo 12. *Xestión ordinaria dos servizos.*

Cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que xulgue necesarias, sen prexuízo do establecido neste real decreto.

Artigo 13. *Coordinación a través do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.*

Coa finalidade de garantir a necesaria coordinación na aplicación das medidas recollidas neste real decreto, o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, baixo a presidencia do ministro de Sanidade, poderá adoptar para estes efectos cantos acordos procedan, incluídos, de ser o caso, o establecemento de indicadores de referencia e criterios de valoración do risco.

Artigo 14. *Rendición de contas.*

En caso de prórroga, o ministro de Sanidade comparecerá quincenalmente ante a Comisión de Sanidade e Consumo do Congreso dos Deputados para dar conta da aplicación das medidas previstas neste real decreto.

Artigo 15. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do contido deste real decreto ou a resistencia ás ordes das autoridades competentes será sancionado conforme as leis, nos termos establecidos no artigo 10 da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño.

Disposición adicional única. *Procesos electorais.*

A vixencia do estado de alarma non impedirá o desenvolvemento nin a realización das actuacións electorais precisas para a celebración de eleccións convocadas a parlamentos de comunidades autónomas.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

Durante a vixencia do estado de alarma declarado mediante este real decreto, o Goberno poderá ditar sucesivos decretos que modifiquen o establecido nel, dos cales deberá dar conta ao Congreso dos Deputados, de acordo co previsto no artigo oitavo.dous da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor no momento da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de outubro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,

CARMEN CALVO POYATO